

CINCO ANOS TRABALLANDO A PROL DA IGUALDADE NO I.E.S. A XUNQUEIRA I DE PONTEVEDRA.

Dolores Varela Salgado, profesora de educación secundaria en dito centro.

Dolores Varela Salgado, profesora de Lingua e Literatura Castelás no I.E.S. A Xunqueira I de Pontevedra.

Sempre estivo vencellada á educación en valores e defendeu a transversalidade na formación do alumnado. Colaborou en revistas escolares, dirixiu grupos de teatro e animou o traballo interdisciplinar.

Na actualidade, coordina o grupo de traballo “Organización e funcionamento dun centro educativo desde unha perspectiva de xénero” no I.E.S. “A Xunqueira I” e, ademais, en colaboración cun instituto francés e outro italiano, coordina un programa europeo titulado “Vivir xuntos en Europa”, que desde hai tres anos trata de afondar na problemática da convivencia onde existe desigualdade: emigración e muller.

Desde o curso 2.000 – 01 un grupo de profesoras e profesores vimos traballando entre nós e co alumnado para facer unha escola verdadeiramente coeducadora e para avanzar na igualdade de oportunidades de mulleres e homes; nese curso elaboramos dúas unidades didácticas baseadas no visionado das películas “*Mi vida en rosa*” de Alain Berliner e “*Billy Elliot*” de Stephen Daldry.

No curso 2.001 – 02 presentamos varios murais de gran formato, realizados de xeito colectivo polo alumnado de E.S.O. nas clases de Educación Plástica con motivo do día 8 de marzal; estes traballos estiveron expostos nos corredores do instituto.

No curso 2.002 – 03 continuamos apoiándonos na área de Educación Plástica para realizar, de novo, traballos gráficos e deseños relativos o día da Muller Traballadora; este ano participaron tamén as alumnas e alumnos de 2º de Bacharelato de Artes con elaboración de cómics, a partir dun texto da obra “*Casa de muñecas*” de Henry Ibsen.

No curso 2.003 – 04 embarcámonos nun proxecto experimental, ofrecido polo SGI a dous institutos de Galicia, o noso e o “Otero Pedraio” de A Coruña; consistía en traballar con toda a comunidade educativa, pais e nais, profesorado e alumnado, baixo o título de “*Prevención da violencia de xénero na poboación adolescente*”. Un

equipo multidisciplinar, dirixido por Erick Pescador, responsabilizouse deste proxecto que durou de novembro a maio.

No curso 2.004 – 05 voltamos a decorar os corredores do instituto pero non só o día 8 de marzo; comezamos xa o 25 de novembro, día “Contra a Violencia de Xénero”.

No actual curso 2.005 – 06 decidimos constituir, outra volta, un grupo de traballo dependente do CEFOR, formado por 10 profesoras e profesores para afondar no tema “*Organización e funcionamento dun centro educativo desde unha perspectiva de xénero e multicultural*”; como resultado saíron tres aportacións elaboradas en pequenos grupos: Multiculturalidade, Violencia entre iguais e Discriminación sexista na linguaxe no ámbito educativo.

Este último traballo é o que a continuación se presenta, xunto coas conclusións que, a modo de “decálogo”, ofrecemos a todas e todos para o seu debate, así como é a nosa intención facerlles chegar ás persoas responsables da Administración educativa e do SGI para que sexan valoradas, se o consideran oportuno.

Maio, 2.006

Lola Varela

A LINGUAXE COMO VEHÍCULO DE

DISCRIMINACIÓN

NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

LUISA FERNANDA ARIS GARCÍA

MARINA GONZÁLEZ GARCÍA

CRISTINA GONZÁLEZ PÉREZ

DOLORES VARELA SALGADO

I.E.S. “XUNQUEIRA 1”

PONTEVEDRA

Curso 2.005 - 06

A LINGUAXE COMO VEHÍCULO DE DISCRIMINACIÓN

NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN

*“...Entendemos por **sexismo social** o conxunto de actitudes que supoñen unha limitación aos dereitos das mulleres na sociedade da que forman parte, negando a posibilidade das persoas a se relacionar en igualdade de oportunidades.*

Daquela, pode utilizarse o idioma de forma gramaticalmente correcta e enmascarar, non obstante, comportamentos discriminatorios, polo que debemos revisar tamén os valores que estamos transmitindo en calquera comunicación que realicemos...”

(Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na administración pública. Xunta de Galicia. **Servicio Galego de Igualdade**).

Estudo da situación actual en diferentes niveis do ámbito educativo

A) **Estatal:**

Proyecto da LOE, 20 de Abril de 2.006, Ley Orgánica de Educación

B) **Autonómico:**

B₁: Portal educativo da Xunta de Galicia

B₂: Programa informático XADE (*Xestión Administrativa da Educación*)

B₃: Nomes de centros educativos: infantil, especial, primaria e secundaria

C) **Un centro educativo:**

O IES “A Xunqueira 1” (Pontevedra)

C₁: Documentación diversa e rotulación

C₂: Programa de faltas do alumnado

C₃: Páxina web

C₄: Proxecto educativo de centro

A) Ley Orgánica de Educación:

LOE, proyecto do 20 de Abril de 2.006

A redacción do *Proyecto* presenta unha linguaxe bastante respectuosa na maior parte do Preámbulo e do Título Preliminar, empregando termos como: *profesorado, jóvenes de ambos sexos, ...*

A partir do Título I a redacción muda e a linguaxe empregada revela aspectos sexistas nomeando na maioría dos casos en masculino cando fala de *titulaciones, miembros de la comunidad educativa, cargos directivos, ...*

Lembrando as recomendacións do Servicio Galego de Igualdade na publicación antes citada: “nomear en masculino a unha muller que exerce un labor profesional invisibiliza e comporta ademais connotación de dificultade e ambigüedad na comunicación”.

Mostraremos algúns exemplos:

Título I: Las enseñanzas y su ordenación.

Do capítulo I a VIII non adaptan as titulacións ao xénero do alumnado

Art. 31: título de **Graduado** en ESO

Art. 41: título de **Técnico** da correspondente familia profesional

Art. 53: título de **Técnico** de Artes Aplicadas y Diseño

Art. 54: **Licenciado** en Música o Danza

Art. 56: **Diplomado** en Restauración

Título III: Profesorado

Titulaciones y habilitaciones

Art. 92 - 93: **Maestro**

Art. 94 a 99: **Licenciado, Arquitecto, Ingeniero**

Título V: Participación, autonomía y gobierno de los centros

Capítulo II: Proyecto Educativo

Cita a **padres, profesores y alumnos**

Capítulo III: Órganos colegiados de gobierno de los centros públicos

Art. 126: Consejo Escolar “lo componen el **director**, el **jefe** de estudios, un número de **profesores**, un número de **padres** y **alumnos**, un representante de la administración y el **secretario**”

Capítulo IV: Dirección de centros públicos

Art. 131: cita **Director, Jefe** de estudios, **Secretario**

Disposición adicional novena: “Requisitos para el ingreso en el cuerpo de funcionarios docentes: titulación de **Maestro, Arquitecto, Arquitecto Técnico, Ingeniero, Ingeniero Técnico, Licenciado**”

Disposiciones Finales: disposición final 1ª

1: “Los **padres** o **tutores**, en relación con la educación de sus **hijos** o **pupilos**, tienen los siguientes derechos...”

- 2: "...derecho de la asociación de los **padres**..."
- 3: "Se reconocen a los **alumnos** los siguientes derechos...."
- 4: "Son deberes básicos de los **alumnos**"

En canto aos contidos da LOE, analizados desde unha perspectiva de xénero, observamos certas melloras que reflecten a importancia que debe ter a educación na eliminación de desigualdades entre mulleres e homes.

Eis algúns exemplos:

Título Preliminar: Principios y fines de la educación

Art. 1:

k) ... así como la no violencia en todos los ámbitos de la vida personal, familiar y social

l) El desarrollo de la igualdad de derechos y oportunidades y el fomento de la igualdad efectiva entre hombres y mujeres.

Art. 2:

b) ... en la igualdad de derechos y oportunidades entre hombres y mujeres.

Título I: Las enseñanzas y su ordenación

Nos capítulos II- E. Primaria, III- ESO, IV- Bachillerato, V- Formación Profesional e IX- E. Adultos cando se definen os obxectivos, todos coinciden en algún deles dedicado a fomentar a igualdade de dereitos e de oportunidades entre homes e mulleres.

Nos artigos 18, 24 e 25, que definen o currículo de Primaria e Secundaria, está incluída a nova materia Educación para a cidadanía ou Educación ético-cívica en 4º de ESO, na que "se prestaría especial atención a la igualdad entre hombres y mujeres".

Título III: Profesorado

Capítulo III, art. 102: Formación permanente

"... Así mismo, deberán incluir formación específica en materia de igualdad en los términos establecidos en la ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género".

Título V: Participación, autonomía y gobierno de los centros

Capítulo III. Órganos colegiados

Art. 126. Consejo Escolar

2. "Una vez constituido el Consejo Escolar del centro, éste designará una persona que impulse medidas educativas que fomenten la igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres"

Art. 127. Competencias

g) Promover medidas e iniciativas que favorezcan la convivencia en el centro, la igualdad entre hombres y mujeres ..."

Disposiciones adicionales

. cuarta: Libros de texto y demás materiales curriculares.

2. ... deberán adaptarse a los principios y valores recogidos en la presente Ley y en la Ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género...

. vigésimoprimer: Cambios de centro derivados de actos de violencia.

“Las Admisnitraciones educativas asegurarán la escolarización inmediata de alumnas y alumnos que se vean afectados por cambios de centro derivados de actos de violencia de género o acoso escolar. Igualmente, facilitarán que los centros educativos presten especial atención a dichos alumnos”.

. vigésimoquinta: Fomento de la igualdad.

“... los centros que desarrollan el principio de coeducación, en todas las etapas educativas, serán objeto de atención preferente y prioritaria...”

B) **Autonómico:**

B₁: **Portal Educativo da Xunta de Galicia:**

1.- Analisada a páxina de inicio, salientamos:

- Acceso privado: nombre de **usuario**
- Os apartados que abren as subpáxinas: Consellería / Profesorado / **Alumnos** / Familia / Centros / Empresas

2.- No correo electrónico edu.xunta.es aparece: identificación **usuario**

3.- Na lista de adxudicación de prazas ao profesorado interino ou sustituto aparece:

- **Profesores** de Enseñanza Secundaria
- **Profesores** Técnicos de Formación Profesional
- **Profesores** de Escuelas de Idiomas
- **Profesores** de Artes Plásticas
- **Mestres** de Taller

4.- Nos contratos de Interinidade aparece.

- Datos académicos: título **Profesor**

B₂: **XADE:**

Programa informático de Xestión Administrativa da Educación da Xunta de Galicia:

Analisados os menús desplegados, a linguaxe está pouco coidada con respecto á visión de xénero. Por exemplo:

- Parte diario de faltas. **Titor**
- Lista detallada das faltas dos **alumnos**
- Cartas **aos pais** comunicando faltas
- Cargo **dos alumnos**
- Fichas **dos alumnos**
- Titores de **alumnos**
- Carta **aos profesores**

- **Profesores** por departamentos

B₃: Nomes de centros educativos:

Educación Infantil (0-3 anos):

Das 23 escolas infantís de 0-3 anos estudadas, dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar Social, 7 levan nome de Virxes e santas e soamente unha ten nome de muller galega, Rosalía de Castro. O resto son case todos topónimos.

Os nomes están no anexo **I**

Educación Infantil e Primaria:

No estudio dos colexios públicos de infantil e primaria da nosa comunidade, o primeiro a destacar é que hai que distinguir os centros con xornada única dos que teñen comedor.

Dos centros **con xornada única**, 587, só 47, o 8 % teñen nome de muller, dos cales 24, o 51 % son nomes de virxes ou santas, mentras que 154 levan nome de homes, o 26,2 %, dos cales só 41, o 26,6 % son santos, papas ou párrocos. Cabe suliñar que dentro do 49 % de nomes de “mulleres” 2 son raíñas, Fabiola e Aragonta e outra é Carmen Polo.

Os centros **con comedor** son 446, 51 recordan a mulleres, o 11,4 %, dos cales 29 son virxes ou santas, o 57 %, e destas 3 repítense e outras son princesa, condesa e marquesa, polo tanto en realidade son 14, mentras que os nomes de homes son 164, o 36,8 %, dos cales só 22, o 13,4 %, son santos.

Ver anexos **II** e **IV**, respectivamente. No anexo **III** vése a gráfica do anexo II.

Educación Especial:

Os 11 centros analisados teñen comedor, e deles só 1 leva nome de home, Saladino Cortizo, e 4 son de mulleres e delas, 2 virxes e as outras 2 a Infanta Elena e Carmen Polo.

Os nomes recóllense no anexo **V**.

Ensino de Secundaria:

Dos 390 centros de secundaria en Galicia, só 19 centros teñen nome de mulleres, e destes 10, ó 53 % son nomes de Virxes e santas. Comparativamente, de 135 centros con nomes de varón a proporción de santos é moi inferior, o 6 %, 8 centros.

Consideramos que estas cifras falan por sí soas.

No anexo **VI** e **VII** atópanse os centros de secundaria con nome de muller e a gráfica.

En **conclusión** poderíamos dicir que a presenza feminina é maior na educación infantil e primaria, así como na educación especial pero é moito menor no ensino secundario.

C) Centro Educativo IES “Xunqueira 1” de Pontevedra:

C₁: Documentación diversa e rotulación:

Analizados os diferentes escritos, partes, informes, convocatorias, notificacións e outra documentación do centro, así como os rótulos (sirva de exemplo o da porta da Sá de **Profesores**) atopamos que moitos deles están en “masculino”, e os mais recentes contemplan as profesoras, as alumnas e / ou as nais, pero non sempre.

Engádense algúns exemplares dos documentos estudiadoS.

C₂: Programa de faltas do alumnado:

O programa de faltas informatizado do instituto, a pesar de ser de nova instauración, adolece mesmo desde a súa páxina principal do esquecemento das mulleres. Así podemos ver as faltas do **alumno**, os **pais** do **alumno**, o **titor**, ...

Algúns exemplos poden observarse no anexo **VIII**.

C₃: Páxina web:

Ó inicio da páxina web do instituto encontramos que no apartado mais recente figura “alumnado”, pero o marxe só aparecen **os profesores**, aunque o entrar xa aparece docentes; así como para contactar hai que indicar o nome **do profesor**. Na galería de arte figuran as “fotos dos **nosos alumnos**”, como se as rapaces non fixeran ningunha.

Ó abrir o organigrama do centro, desde **o director** ata **o secretario**, pasando por todo o escalafón só atópase o xénero masculino. No anexo **IX** está o organigrama.

C₄: Proxecto educativo de centro:

A análise do PEC do instituto amosa así mesmo que o xénero masculino é o único que figura cando se fala de **profesores, alumnos, pais, titores** e tamén nos cargos directivos (**director, xefe** de estudos, **secretario**). As profesoras, alumnas, nais, titoras,... poucas veces son nomeadas e menos aún nos cargos directivos.

No anexo **X** atópase un pequeno apartado do PEC, o referente as *tutorías*, onde pode observarse facilmente o uso do masculino en todo o párrafo.

Despois de observar a invisibilidade da muller nun ámbito con gran presenza feminina como é o mundo do ensino, e sobre todo no ensino primario, pensamos que sería bo facer chegar á Administración Educativa unha proposta que contemple a posibilidade de ampliar as denominacións femininas nos centros educativos e así dar a coñecer e difundir a personalidade ou a obra de tantas mulleres senlleiras, ata o de agora silenciadas, como as pedagogas María Barbeito, Antía Cal, Concepción Saiz Otero ou

Xosefa Vilarelle; as escritoras Emilia Pardo Bazán, M^a Victoria Moreno ou Luisa Villalta; as loitadoras María Pita ou Isabel Barreto; a primeira médica galega Olimpia Valencia; as ilustradas Teresa Caamaño ou Francisca Isla; ou as educadoras do s. X Ilduara e Elvira Nunes, ou a pintora Maruxa Mallo, ...

CONCLUSIÓNS

Se analizamos a linguaxe empregada no ámbito educativo (material didáctico, medios informáticos, lexislación, nomes de centros,...) desde unha perspectiva de xénero chegaremos á conclusión de que levamos parte do camiño andado pero que temos aínda moito por percorrer; existen multitude de alternativas que contribuirían a evitar formulacións sexistas se conseguimos entre todos e todas concienciar e sensibilizar á sociedade, procurando mellorar a nosa expresión e adecuala a unha realidade social na que a relación entre os colectivos femininos e masculinos quede patente. Equilibrar a presenza de ambos colectivos nun centro de ensino pensamos que pode ser un bo instrumento na educación para a igualdade que permita visibilizar ás mulleres e facelas copartícipes e corresponsables; nesta liña queremos facer algunhas **propostas** que deberían ser aceptadas pola comunidade educativa e ser incluídas, se se consideran oportunas, no Proxecto Educativo de Centro (PEC).

1.- O equipo directivo dun centro debería estar integrado ao 50 % por mulleres e por homes ou que a desigualdade non superara en ningún caso o 60 % fronte a un 40 %.

2.- Deberíse garantir a **formación en temas de igualdade** dirixida ao profesorado en xeral, incluíndo o equipo directivo.

3.- Na representación do alumnado debería procurarse que nos grupos mixtos houbera unha alumna e un alumno compartindo os postos de **delegado/a** e **subdelegado/a**.

4.- Debería terse en conta o **número de alumnas e alumnos** en cada grupo e procurar equilibrar a súa presenza como algo necesario para unha boa convivencia e un bo aprendizaxe.

5.- O Departamento de Orientación debería estar formado por unha **orientadora** e un orientador.

6.- Debería contemplarse a posibilidade de nomear unha **asesora ou un asesor** de **igualdade** en cada centro que podería ser calquera profesora ou profesor sensibilizado por este tema, así como extender esta asesoría ás Delegacións Provinciais de Educación.

7.- Deberíamos promover a realización de **actividades deportivas** variadas e non sexistas nas horas de Educación Física, así como de **xogos cooperativos** nos centros e actividades de lecer no horario non lectivo onde se favorezan as **relacións igualitarias** entre nenos e nenos.

8.- Poderíanse organizar nos primeiros cursos de ESO actividades que fomentaran a igualdade, como a realización de **tarefas domésticas** (planchar, lavar, cociñar, limpar, coser,...) ou a aprendizaxe no coidado de familiares menores e maiores nas horas de titoría. ***

9.- Enriquecer o contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas **mulleres** no pasado e no presente. ****

10.- Implicar ós **pais e ás nais** na educación non sexista dos seus fillos e fillas colaborando cas titoras e cos titores.

* Título 2 Capítulo II Artículo 22 d) Anteproyecto de Ley Orgánica para la igualdad entre hombres y mujeres.

** Título 2 Capítulo III Artículo 102. Proyecto Ley Orgánica de Educación

*** Título 1 Capítulo I Artículo 9 c) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.

**** Título 1 Capítulo I Artículo 9 b) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.

ANEXOS:

ANEXO I:

ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) DEPENDENTES DA VICEPRESIDENCIA

DA IGUALDADE E DO BENESTAR

ANEXO II:
COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA –
XORNADA ÚNICA

ANEXO III:
E GRÁFICA DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
PRIMARIA – XORNADA ÚNICA

ANEXO IV:
COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA –
CON COMEDOR

ANEXO V:
CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

ANEXO VI:
CENTROS ENSINO DE SECUNDARIA DE GALICIA

ANEXO VII:
GRÁFICA DOS CENTROS DE SECUNDARIA DE GALICIA

ANEXO VIII:
1 PROGRAMA DE FALTAS DO ALUMNADO DO IES XUNQUEIRA
DE PONTEVEDRA

ANEXO IX:
PÁXINA WEB DO IES XUNQUEIRA 1 DE PONTEVEDRA

ANEXO X:
SECUNDARIO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO DE ENSINO
IES XUNQUEIRA 1 DE PONTEVEDRA

ANEXO I:
**ESCOLAS INFANTÍS DEPENDENTES DA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO
BENESTAR (0-3 ANOS)**

A Coruña:
E.I As Mariñas
E.I Elviña

E.I Santa María de Oza
E.I O Ventorrillo

Ferrol:

E.I Catabois
E.I Virxe de Chamorro

Santiago de Compostela:

E.I Santa Susana
E.I de Vite

Lugo:

E.I Nosa Señora do Sagrado Corazón
E.I Paradai

Foz:

E.I Nosa Señora da Purificación

Ribadeo:

E.I Nosa Señora do Campo

Ourense:

E.I Antela
E.I A Farixa
E.I Virxe de Covadonga

Pontevedra:

E.I Campolongo
E.I O Toxo

Redondela:

E.I Marisma de Santa Mariña

Vigo:

E.I de Bouzas
E.I Caeiro
E.I Relfas
E.I Rosalía de Castro *1 de 22*
E.I A Estrela

ANEXO II:

**COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA – XORNADA ÚNICA**

A CORUÑA:

10 de 229

CEIP Eladia Mariño
CEIP Raquel Camacho
CEIP Concepción Arenal

Cabanas
A Coruña
A Coruña

CEIP Emilia Pardo Bazán	A Coruña
CEIP M ^a Barbeito e Cerviño	A Coruña
CEIP María Pita	A Coruña
CEIP Rosalía de Castro	A Coruña
CEIP Sofía Casanova	Culleredo
CEE Carmen Polo	Ferrol
CEIP Raíña Fabiola	Santiago

LUGO:

1 de 18

CEIP Rosalía de Castro	Lugo
------------------------	------

OURENSE:

1 de 19

CEIP Filomena Dato	Barbadás
--------------------	----------

PONTEVEDRA:


10 de 321

CRA Antía Cal	Gondomar
CEIP Isidora Riestra	Poio
EI Concepción Crespo Rivas	Pontevedra
CRA María Zambrano	O Rosal
CRA Raíña Aragonta	Salceda de Caselas
CRA Mestre Clara Torres	Tui
CEIP Emilia Pardo Bazán	Vigo
CEIP Josefa Alonso de Alonso	Matamá
CPR Rosalía de Castro	Vigo
CEIP Rosalía de Castro	Vilagarcía (O Carril)

En total 587 colexios, dos cales 154 levan nomes de homes, só 41 santos e 47 levan nomes de mulleres, só 21 no son santas ni virxes

ANEXO III:

**COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA – XORNADA ÚNICA**



Nomes de homes:	154	
Nomes de mulleres:	47	
		+
Outros nomes:	386	
<u>Total:</u>	587	

ANEXO IV:

COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN

INFANTIL E PRIMARIA CON COMEDOR

A CORUÑA:

8 de 150

CEIP Eladia Mariño
 CEIP Raquel Camacho
 CEIP Concepción Arenal
 CEIP Ma Barbeito e Cerviño
 CEIP María Pita
 CEIP Rosalía de Castro
 CEIP Sofía Casanova

Cabanas
 A Coruña
 A Coruña
 A Coruña
 A Coruña
 A Coruña
 Culleredo

CEIP Rosalía de Castro

Padrón

LUGO:

4 de 61

CEIP Concepción López Rey

Baleira

CEIP Rosalía de Castro

Bóveda

CEIP Eloísa Rivadulla

Chantada

CEIP Rosalía de Castro

Pol

OURENSE:

7 de 138

CEIP Filomena Dato

Barbadás

CEIP Condessa de FENOSA

O Barco

CEIP Carmen García Carrasco

Cenlle

CEIP Rosalía de Castro

Gomesende

CEIP Joaquina Gallego Jorreto

A Merca

CEIP Princesa de España

Verín

CEIP Rosalía de Castro

Xinzo da limia

PONTEVEDRA:

2 de 97

CEIP Josefa Alonso de Alonso

Matamá

CEIP Emilia Pardo Bazán

Vigo

En total 446 colexios, dos cales 51 levan nomes de mulleres e só 21 non son santas nin virxes; os nomes de homes son 164 e 22 corresponden a santos ou papas

ANEXO V:

CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

CORUÑA:

1 de 5

Santa María

Infanta Elena

LUGO:

1 de 2

Nosa Sra do Rosario
Carmen Polo

OURENSE:

0 de 2

PONTEVEDRA:

0 de 2

En total 11 centros, 1 con nome de home e 2 con nome de muller non santa nin virxe

ANEXO VI:

CENTROS ENSINO DE SECUNDARIA

A CORUÑA:

9 de 165

CEE	Nosa Sra do Rosario	A Coruña
IES	Concepción Arenal	Ferrol
IES	Sofía Casanova	Ferrol
IES	S ^{ta} M ^a de Caranza	Ferrol
CEE	Carmen Polo	Ferrol
CPI	Virxe de Cela	Monfero
IES	Virxe do Mar	Noia
IES	María Casares	Oleiros
IES	Rosalía de Castro	Santiago

LUGO:

5 de 59

IES Las Mercedes	Lugo
CEE S ^{ta} María	Lugo
CEE Infanta Elena	Monforte
IES María Sarmiento	Viveiro
IES Nosa Sra dos Ollos Grandes	Lugo

OURENSE: *1 de 45*

CPI Virxe da Saleta	Cea
---------------------	-----

PONTEVEDRA: *4 de 122*

IES María Soliño	Cangas
CPI S ^{ta} Lucía	Saiáns
CPI Julia Becerra Malvar	Barrantes
IES S ^{ta} Irene	Vigo


TOTAL DE CENTROS: *19 de 390*

Nomes de Virxes e santas: *10 de 19*

Nomes de mulleres. *9 de 19*

ANEXO VII:

CENTROS ENSINO DE SECUNDARIA



Nomes de homes:	135	
Nomes de mulleres:	19	
Outros nomes:	236	+
<u>Total:</u>	<hr/> 390	

ANEXO VIII:

PROGRAMA DE FALTAS DO ALUMNADO

DO IES XUNQUEIRA 1

En el botón "Cambiar de **alumno**" se genera la lista de **todos los alumnos** del grupo. Haremos clic en el que corresponda y procederemos a seleccionar la asignatura, luego el tipo de falta, el mes, el día y la hora y por último si la falta está o no justificada. Por defecto el programa dará la falta como de asistencia, y conservará el último mes y día del **último alumno** consignado. Del mismo modo dará por defecto la falta como no justificada.

Los campos **Grupo, Curso, Estudios, Nombre de tutor, Día de atención y hora de atención**, ya vienen incorporados en el programa por defecto y se mantienen constantes en todas las fichas. En caso de tener que modificarlo, sencillamente se sobrescribe encima la nueva información en cualquier ficha (no es necesario hacer el cambio en todas ya que se trata de un campo global que comparten todas las fichas de la base de datos)

Veamos ahora los botones de la parte lateral izquierda uno a uno:

"Máis faltas neste alumno".- Una vez consignada la primera falta, lo más probable es que dicho **alumno** haya faltado a otra asignatura el mismo día. Si pulsamos este botón, el programa crea una nueva ficha donde se mantiene el nombre **del alumno**, el mes y el día y ya se despliega automáticamente el menú de asignaturas, por lo que solamente se indica la asignatura y la hora. Si hubiese que cambiar el mes o día no habría ningún problema.

"Cambiar de alumno".- Se despliega un listado con **todos los alumnos** del grupo. Solamente hay que hacer clic sobre **el alumno** deseado y acto seguido cubrir los demás campos que, por defecto, ya están cubiertos con el mismo mes y el mismo día del **alumno** anterior.

"Comunicar ós pais".- Antes de utilizar esta utilidad, conviene mirar antes la totalidad de faltas **del alumno** que figura en la ficha ("*Totais deste alumno*") , para ver todas sus faltas y si es menester o no notificarlas a sus **padres**. Veremos esta utilidad a continuación. La comunicación a los **padres** genera una carta como la que sigue:

Estimados


pais:

Como titor/a do grupo no que está a cursar estudos <<alumno>>, é miña obriga comunicarlle as súas faltas de asistencia a clase durante os días e ás asignaturas que a continuación se relacionan.

ANEXO IX:

PÁXINA WEB do IES XUNQUEIRA 1

ORGANIGRAMA



OUTROS ÓRGANOS

Claustro
Comisión Pedagóxica
Consello Escolar
Equipo de Normalización Lingüística

[Principal](#) | [O Centro](#) | [Estudios](#) | [Docentes](#) | [Actividades](#) |

ANEXO X:

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

IES XUNQUEIRA 1 DE PONTEVEDRA

Titoría:

O-a profesor/a – titor/a debe contar co apoio, actuando de forma coordinada, do resto dos-as profesores-as que impartan algunha materia no curso do que é titor-a, do equipo directivo e do resto de profesores-as do centro, sen esquecernos das familias e o contexto socioeconómico do centro en xeral.

Segundo aparece recollido no Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Orde do 1 de agosto pola que se dictan as instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, publicado no D.O.G.A do 2 de setembro de 1997, no artigo 58, para a designación como titor-a terase en conta:

☉ Que o profesor-titor implanta unha materia común a tódolos alumnos do grupo.

☉ No primeiro ciclo da E.S.O, asignarase a titoría preferentemente aos mestres que impartan clase á ditos grupos.

☉ No caso dos alumnos de diversificación da E.S.O o labor de titor será realizado por un profesor que imparta docencia a todo o grupo do programa, quen se coordinará cos tutores dos grupos de referencia.

☉ Tutores específicos para alumnos que requiran unha atención especial (alumnos que non alcanzan a totalidade dos obxectivos, con materias pendentes,...), sempre que existan profesores dispoñibles.

☉ Tutores encargados de tarefas de coordinación ou atención de servicios de interese para o centro, estean ou non recollidas no R.R.I, tarefas propostas pola dirección do centro.

☉ Os horarios de titoría:

☉ Dúas horas semanais, unha dedicada ós alumnos (esta dentro do horario lectivo) e outra hora de atención ós pais.

☉ Funcións do Profesor-titor.

☉ En relación co alumnado:

(i) Axudar e asesorar no aprendizaxe do alumno e do grupo. Aconsella-las normas disciplinarias para a clase, ou un alumno en concreto. Facilita-la participación do alumnado no centro.

(ii) Coñece-lo rendemento académico, nivel de cohesión e participación do seu grupo. Facer de mediador entre o alumno, o grupo e o centro.

(iii) Coñece-lo ambiente familiar e entorno social do tutelado.

(iv) Presidi-la sesión de avaliación, ou todo tipo de reunións convocadas en relación co grupo; encargarse de cubri-la

documentación necesaria en relación co grupo. Orientación e asesoramento **do alumno** respecto as súas posibilidades académicas e profesionais.

BIBLIOGRAFÍA:

- *Como se enséña a ser niña: el sexismo en la escuela.* Monserrat Moreno. Icaria.
- *Comunica igualdade a través da imaxe. A imaxe das mulleres nos medios de comunicación.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *Educación para previr a violencia de xénero.* Guía para o profesorado de educación secundaria. S.G.I. Xunta de Galicia.
- *La educación sentimental.* Mercedes Oliveira. Icaria.
- *Por unhas relacións de calidade, evitemos a desigualdade.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *O centro educativo. Un espacio para a igualdade entre nenas e nenos.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria.* S.G.I. Xunta de Galicia.
- *En femenino y en masculino.* Instituto de la mujer.
- *Elige bien: un libro sexista no tiene calidad.* Instituto de la Mujer.
- *Manual de Coeducación.* Federación do ensino de CCOO de Galicia.
- *Género y educación.* VVAA. Editorial Graó.
- *Coeducación.* Guía para el profesorado. Ana Sánchez Bello. Fundación Mujeres.
- *Eros: Materiais para pensar o amor.* Mercedes Oliveira. Xerais.
- *Educación de las relaciones afectivas y sexuales desde la filosofía coeducadora.* M^a José Urruzola. Maite Canal Editora.

INDICE:

Estudo da situación actual en diferentes niveis do ámbito educativo.....	4
A) Estatal:.....	4
B) Autonómico:.....	4
B ₁ :.....	4
B ₂	4
B ₃	4
C) Un centro educativo.....	4
C ₁	4
C ₂	4
C ₃	4
C ₄	4
A) Ley Orgánica de Educación:.....	5
Título I.....	5
Título III.....	5
Título V.....	5
Disposición adicional novena.....	5
Disposiciones Finales.....	5
B) Autonómico.....	6
B ₁ : Portal Educativo da Xunta de Galicia.....	7
B ₂ : XADE:.....	7
B ₃ : Nomes de centros educativos:.....	8
C) Centro Educativo IES Xunqueira 1 de Pontevedra:.....	9
C ₁ : Documentación diversa e rotulación:.....	9
C ₂ : Programa de faltas do alumnado:.....	9
C ₃ : Páxina web:.....	9
C ₄ : Proxecto educativo de centro:.....	9
CONCLUSIONES.....	10
ANEXOS;.....	11
ANEXO I:.....	12
ANEXO II:.....	13
ANEXO III:.....	14
ANEXO IV:.....	15
ANEXO V:.....	16
ANEXO VI:.....	17
ANEXO VII:.....	19

ANEXO VIII:	20
ANEXO IX:	21
ANEXO X	22
BIBLIOGRAFÍA:	23
INDICE:	24